MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR (1 para 2)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 17/09/2019
HASH: [redacted]

CONCELLO DE CAMBADOS

# ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| XGL/2019/21 | A Xunta de Goberno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 4 de setembro de 2019 |
| **Duración** | Desde as 13:45 ata as 14:00 horas |
| **Lugar** | SALA DE XUNTAS |
| **Presidida por** | FATIMA ABAL ROMA |
| **Secretario** | MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR |

ASISTENTES:

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Xurxo Charlín Trigo e Dª Mª Cruz Leiro Peña.

Non asiste: D. Samuel Lago Ozón.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Cod. Validación: [redacted] | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7

## A) PARTE RESOLUTIVA

**1.- Expediente 363/2019.- Licenza de obra reforma parcial de vivenda promovida por [redacted] no lugar de Cereixeira nº 21 (Oubiña).-**

1. PETICIONARIO: [redacted]
2. OBXECTO DA OBRA: Reforma parcial de vivenda unifamiliar
3. LUGAR DAS OBRAS: Cereixeira nº 21 (Oubiña) (Referencia Catastral: 36006A014006390001PM)
4. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 363/2019
5. DATA DA SOLICITUDE: 29.01.2019

Consta proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto Juan Carlos Morgade Portas visado o 25.01.2019 e documentación complementaria visada o 12.04.2019.
Director Xeral de Execución: Manuel Elías Cacabelos Domínguez
Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 01.07.2019
Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 06.08.2019, favorable
Informe de Secretaría de 03.09.2019, favorable
De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:
Conceder licenza municipal de obra maior a [redacted] para reforma parcial de vivenda unifamiliar no lugar de Cereixeira nº 21 (Oubiña) de acordo co proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto Juan Carlos Morgade Portas visado o 25.01.2019 e documentación complementaria visada o 12.04.2019

**Outros datos do expediente:**
a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza 7 do solo non urbanizable dos núcleos rurais tradicionais
b) Orzamento: 42626,60 €
c) Uso: Vivenda Familiar. Aparcamento 1ª Categoría.

**Condicións:**
Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude:
*1. As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do ARQUITECTO Juan Carlos Morgade Portas.*
*2. O Director de Execución de Obra será levada a cabo por el ARQUITECTO TÉCNICO. A Coordinación de Seguridad e Saúde será levada a cabo polo ARQUITECTO Juan Carlos Morgade Portas.*

*3. Cumpliranse as condicións que impoña a Consellería de Patrimonio Cultural.*

*4. Deberá dispoñer a pé de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e constructor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de prantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.*
*5. Deberá procederse á conexión cos servizos existentes no núcleo, de acordo coas indicacións das empresas de servizos municipais, debendo estar en todo caso ás indicacións que ao respecto establezan os servizos técnicos municipais.*
*6. A promotora farase cargo das responsabilidades a que dera lugar, extremando as precaucións de seguridade co obxecto de evitar riscos as persoas e as cousas.*
*7. O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras solicitadas.*
*Deberá dispoñer na obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.*



ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0023 Data: 17/09/2019
Cod. Validación: [redacted] | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7

8. As obras axustaranse estrictamente ao autorizado, calquerar modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
9. De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras se indican a continuación:
◦ Iniciación, dentro dos 3 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
◦ Interrupción máxima de 3 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advirtiendo que con carácter excepcional e por unha soa vez se outorgará prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.
◦ Finalización dentro do prazo de 24 meses seguintes ao outorgamento dea licenza.
10. Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa o simultáneamente ante las administraciones que otorgaron autorización.
11. Antes do inicio das obras deberá colocar un valado de protección, para o que, no seu caso deberá obtener a oportuna autorización municipal.
12. En todo caso a edificación non poderá ser ocupada ata que as obras estén rematadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación ou utilización, xuntando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como se procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.
13. A conexión aos servizos municipais previamente á súa execución, deberá ser autorizada polo organismo titular do vial ao que dea fronte a parcela, executando ditas obras de acordo coas características indicadas polas empresas responsables de ditos servizos.
14. No caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.
15. Deberá entregar conxuntamente coa documentación de final de obra para a obtención da Licenza de 1ª Ocupación o Certificado de Eficiencia enerxética de edificio rematado.
16. Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a producción e xestión de residuos e o rexistro xeral de productores e xestores de residuos de Galicia, e as establecidas no Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a producción e xestión dos residuos de construcción e demolición.
17. Deberá formalizarse a correspondente declaración de alta/alteración no Catastro Inmobiliario no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data de finalización das obras, segundo dispón o artigo do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o título II do R.D L. 1/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario.

**2.- Expediente 3535/2017.- Licenza Urbanística promovida por Dª Mª del [redacted] P[redacted] Z[redacted] para rehabilitación e ampliación de vivenda no lugar de Bouza do Rei nº 2 (Oubiña).-**

1. PETICIONARIA: Mª del C[redacted] P[redacted] Z[redacted]
2. LUGAR DAS OBRAS: Bouza do Rei nº 2 (Oubiña) (RC 9393409NH1099S0001GJ)
3. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 3535/2017
4. DATA DA SOLICITUDE: 18.09.2017
5. OBXECTO DA OBRA: Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar.

Consta proxecto básico do Arquitecto Francisco Galiñanes Chaves.



ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0023 Data: 17/09/2019
Cod. Validación: [redacted] | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7

Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 14.08.2018
Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 06.08.2019, favorable.
Informe de Secretaría de 03.09.2019, favorable.

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:
Conceder licenza municipal de obra maior a Mª del [redacted] [redacted] [redacted] para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar no lugar de Bouza do Rei nº 2 (Oubiña) de acordo co proxecto básico do Arquitecto Francisco Galiñanes Chaves

**Outros datos do expediente:**
a) Clasificación urbanística do solo: Solo Urbano Ordenanza 6: De entidades rurais de poboación
b) Orzamento: 87.000,00 €
c) Ocupación: 50 % < 12,69 %
d) Parcela 1684 m² > 400 m2
e) Altura: 4.50. m < 7.00 m
f) Edificabilidade: 0,12 m2/m2 < 0,60 m2/m2
g) Uso: Vivenda Unifamiliar

**Condicións:**
Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude:
*a. Cumpriranse as condicións impostas pola autorización nº de exp. 1529/2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 19.03.2018*
*b. Solicitaranse as condicións de conexión aos servizos públicos de auga e saneamento municipal. Se aportarán co proxecto de execución.*

*c. As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do Arquitecto D. Francisco Galiñanes Chaves. Se aportará visado co proxecto de execución.*

*d. Designarase Técnico director de execución e Coordinador de Seguridad e Saúde das obras.*

*e. Deberá disponer a pé de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e constructor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.*

*f. Non se poderán iniciar as obras sen a presentación do correspondente proxecto de execución axustado ao proxecto básico autorizado. Se adxuntará certificación do Arquitecto redactor de que o proxecto que se presente se axusta estritamente ao proxecto básico autorizado ou en caso contrario, se incluirá unha memoria de cambios que incluan memoria e planos.*

*g. O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras solicitadas.*

*h. Deberá dispoñer en obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipales, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.*

*i. As obras axustaranse estrictamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.*

*j. De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 17 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras se indican a continuación:*

* *Iniciación, dentro dos 3 seguintes ao outorgamento da licenza.*



Cod. Validación: [redacted] | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 7

* Interrupción máxima de 3 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez outorgarase prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.

* Finalización dentro do prazo de 24 meses seguintes ao outorgamento da licenza.

k. Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultáneamente ante as administracións que outorgaron autorización.

l. En todo caso a edificación non poderá ser ocupada ata que as obras estén rematadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación ou utilización, xuntando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como se procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.

m. A conexión aos servizos municipais previamente á súa execución, deberá ser autorizada polo organismo titular do vial ao que da fronte a parcela, executando ditas obras de acordo coas características indicadas polas empresas responsables de ditos servizos.

n. En caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.

o. Deberá entregarse conxuntamente coa documentación de final de obra para a obtención da Licenza de 1ª Ocupación o Certificado de Eficiencia enerxética de edificio rematado.

p. Deberán cumplirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a producción e xestión de residuos e o rexistro xeral de productores e xestores de residuos de Galicia.

**3.- Expediente 3622/2019.- Licenza Urbanística promovida por D. J[redacted] M[redacted] O[redacted] V[redacted] para rehabilitación de cuberta no lugar de Tragove nº 63 (Corvillón).-**

1. PETICIONARIO: J[redacted] M[redacted] O[redacted] V[redacted]
2. OBXECTO DA OBRA: Rehabilitación de cuberta
3. LUGAR DAS OBRAS: Tragove nº 63 (Corvillón)
4. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 363/2019
5. DATA DA SOLICITUDE: 19.07.2019

Consta proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto Técnico José Luís Sánchez Silva.
Constan autorización do Servizo de Mobilidade da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra de 23.05.2019
Emitiuse informe do Arquitecto Técnico Municipal de 29.07.2019, favorable.
Informe de Secretaría de 03.09.2019, favorable
De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda,
Conceder licenza municipal de obra maior a J[redacted] M[redacted] O[redacted] V[redacted] para rehabilitación de cuberta no lugar de Tragove nº 63 (Corvillón) de acordo co proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto Técnico José Luís Sánchez Silva.

**Outros datos do expediente:**
a)Clasificación urbanística do solo: Ordenanza 6 de solo urbano de entidades rurais de poboación



Cod. Validación: [redacted] | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - TFNOS: 986520002/0943/0951 - FAX986524866 - Nº REXISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P3600600E

b)Orzamento: 11137,65 €
c)Uso: Vivenda Unifamiliar

**Condicións:**
Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude:

1).- As obras a realizar non suporán aumento da altura, nin alteración das condicións urbanísticas, isto e modificación de pendentes, aumento de volumes, etc..., e cumplira coas condicions impostas na autorización da Deputación de Pontevedra adxunta.
2).- Axustarase as condicións estéticas do entorno.
3).- Axustaranse as obras o Proxecto Técnico redactado polo Arquitecto Técnico D. José Luís Sánchez Silva, de data 19.06.2019, e realizaránse baixo a Dirección Técnica do Arquitecto Técnico D. José Luís Sánchez Silva
4).- Adoptaranse toda as medidas persoais e colectivas precisas para garantir a seguridade tanto do tráfico peonil e rodado da vía pública lindeiro, como dos operarios e medios empregados para a execución das obras solicitadas. Axustándose en todo momento ó disposto polas vixentes Ordenanzas de Seguridade e Hixiene na Construción, así como ó Estudo Básico de Seguridade incluido no Proxecto Técnico presentado.
5).- As obras iniciaranse nun prazo non superior a 3 meses e remataranse nun prazo non superior a 6 meses a contar dende a notificación da correspondente licenza municipal de obras.
6).- O orzamento das obras ascende a 11.137,65 €.
7).-A solicitude presentada, xunto coa documentación anexa achegada, cumpren coa normativa urbanística vixente dende o punto de vista técnico.
8).- O solicitante notificará a este Servizo de Vías e Obras a finalización da construción comunicada, os efectos de proceder a comprobación da mesma.

**4.- Expediente 4070/2019.- Comunicación Previa promovida por [redacted] para reforma interior de vivenda na Rúa Celso Emilio Ferreiro 22, 8º D.-**

Rfª Catastral:5176408NH1057N0036PI
Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 03/09/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada de acordo coas seguintes condicións:
1).-Adoptaranse toda as medidas persoais e colectivas precisas para garantir a seguridade dos operarios e medios empregados para a execución das obras solicitadas. Axustándose en todo momento ó disposto polas vixentes Ordenanzas de Seguridade e Hixiene na Construción. Neste caso se axustarán as obras os seguintes documentos incorporados ó expediente :
Expediente de Legalización de vivenda, redactado pola Arquitecta Dna. Paula Charlín Padín, de data 02.09.2019.
2).-As obras iniciaránse nun prazo non superior a 3 meses e remataranse nun prazo non superior a 6 meses
3).-O presuposto das obras ascende a cantidade de 9.556,50 €.
4).-O solicitante notificará ao Servizo de Vias e Obras a finalización da construcción comunicada, os efectos de proceder a comprobación da mesma.



Cod. Validación: [redacted] | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: [redacted] | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

Praza do Concello, 1 - 36630 - Cambados - Tfnos: 986520902/0943/0951 - Fax986524866 - Nº Rexistro Entidades Locais: 01360062 - CIF: P3600600E